



## **SERVIZO DE FORMACIÓN E RECURSOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA (SFR.FEE). PAT 2011-2012.**

### **I.- QUÉ É ESTE SERVIZO.**

Trátase dun servizo de nova creación dentro do Plano de Acción Titorial levado a cabo pola Facultade de Economía e Empresa. Ten como obxectivos crear, xestionar e ofrecer materiais e recursos formativos transversais para os alumnos, tentando dar resposta ás distintas necesidades que poidan xurdir no eido do estudo e da inserción laboral dos propios alumnos. Este servizo ofertará formación básica nas habilidades e recursos cos que os alumnos traballarán e empregarán ao longo da súa estadia na nosa Facultade e no seu futuro profesional. Trátase por tanto de ofertar formación transversal básica para o desenvolvemento profesional e laboral do alumnado da nosa Facultade, e por extensión, da UDC.

### **II.- QUEN O FORMAMOS.**

Aqueles docentes da Facultade de Economía e Empresa interesados en axudar na formación transversal dos alumnos da nosa Facultade. Este curso 2011-2012 formaremos parte deste Servizo os profesores: M<sup>º</sup> José Rodríguez, M<sup>º</sup> Dolores Sánchez, Fernando Bruna, José Pablo Abeal, Esther A. Barros, Cristina Calvo, José Benito Pérez, Eva María Lado e Fernando de Llano (coordinador).

### **III.- CÓMO FUNCIONAMOS.**

Cada un dos docentes pertencentes ao Servizo de Formación e Recursos (SFR.FEE) preparará e impartirá un mínimo de dous cursos formativos aos alumnos da Facultade. A oferta artellarase de tal xeito que se impartirá alomenos un curso por cuatrimestre.

A temática de dous deses cursos será a escoller da listaxe proposta dende o SFR.FEE e a outra pode ser a proposta do docente de acordo co Coordinador do Servizo.

O docente deberá preparar:

- a. unha documentación do curso a entregar aos alumnos cando se imparta o curso.
- b. unha presentación en formato dixital que recollerá os contidos e o desenvolvemento do curso e que será proxectado no propio curso.

Ambos materiais serán entregada ao Coordinador do SFR.FEE polo menos 7 días antes da data de impartición do curso, para poder propoñer melloras no mesmo, de ser o caso.

### **IV.- CALENDARIZACIÓN E ESTRUCTURA DOS CURSOS.**

Os cursos estarán pensados e deseñados para desenvolvelos nunha sesión de una hora e media.

A comezos de cada curso académico (setembro-outubro) estará dispoñible a oferta de cursos correspondentes ao 1º cuatrimestre. A mediados de xaneiro estará asimesmo dispoñible a oferta de cursos correspondentes ao 2º cuatrimestre.

### **V.- INSCRIPCIÓN NOS CURSOS.**

A convocatoria será aberta e gratuíta.

A inscrición estará aberta ata unha semana antes da impartición do curso (7 días). Cada titor/a do PAT recollerá a inscrición dos alumnos da súa titoría nos cursos que desexen participar, e trasladará este ao seu Coordinador de titulación a listaxe definitiva o máis cedo posible (a ser posible 6 días antes da impartición). Unha vez recompilada toda a información dos titores, serán os Coordinadores de titulación os encargados de enviar esta información ao Coordinador do SFR.FEE. (Alomenos 5 días horas de antelación ao comezo do curso). Enténdese que sempre é mellor para unha boa xestión dos cursos e dos participantes e recursos a comunicación se produza o antes posible, dentro da cadea de información sinalada.



## VI.- TEMÁTICAS DOS CURSOS A OFERTAR.

### i.- O ALUMNO E A UNIVERSIDADE:

- a.- O papel do alumnado e do profesorado na Universidade. O plano Boloña.
- b.- Os servizos a UDC: Servizos deportivos, Cultura, Voluntariado, SAPE e CUFIE (cursos).
- c.- A UDC e a atención á diversidade.
- d.- O PAT. Qué é, para qué serve, cómo podo participar. A construción do meu currículo académico. (*Tríticos en elaboración*)
- e.- A importancia dunha boa organización e xestión do tempo (planificación, hábitos e técnicas de estudo).
- f.- A xestión das bolsas (Erasmus, Séneca, Sicue...). Consulta na ORI.( [www.udc.es/ori/cas/index.shtml](http://www.udc.es/ori/cas/index.shtml)).

### ii.- O ALUMNO E A FACULTADE:

- g.- Coñece a Facultade. Localización dos servizos e Departamentos na Facultade. Onde está...?
- h.- Coñece a Biblioteca.
  - A búsqueda bibliográfica. Libros e artigos científicos. Préstamos. Impárteo a nosa Biblioteca. Ofertaranse 2 cursos de 30 prazas cada un. Realizaranse a finais de outubro e a principios de novembro. A duración de cada curso é de unha hora e media.
  - A búsqueda nas Bases de Datos: Econlit, BSP, Scopus, SAVI, OSIRIS... Impárteno dende o Servizo Central de Bibliotecas no Edificio Xoana Capdevielle. Estamos á espera da publicidade coas datas e inscricións. A duración de cada curso é de 10 horas, das que 6 son presenciais e 4 son a través da plataforma de tele-ensino Moodle. Conleva á recepción dun diploma pola formación recibida.
  - Visitas guiadas. Mes de setembro a mediados de outubro. Hai dúas quendas, unha ás 12:30h. e outra ás 17:00h. A duración é de 20 minutos. Hai que inscribirse no mostrador da propia Biblioteca previamente.

i.- Traballos de aula. Elaboración e presentación.

l.- Cómo falar en público. Técnicas de comunicación oral.

m.- Cómo presentar un traballo científico e un plano de empresa.

### iii.- DINÁMICAS DE GRUPO E HABILIDADES SOCIAIS:

- n.- Dinámicas de grupo e habilidades sociais. A comunicación.
- ñ.- Dinámicas de grupo e habilidades sociais. O grupo e o equipo de traballo.
- o.- Dinámicas de grupo e habilidades sociais. Estereotipos e roles.
- p.- Dinámicas de grupo e habilidades sociais. Resolución de conflitos.
- q.- Videoforum:

### iv.- ORIENTACIÓN SOCIO-LABORAL:

- r.- O contexto socio-laboral do universitario en Galiza.
- s.- A selección de persoal.
- t.- Saídas profesionais dos títulos da Facultade de Economía e Empresa.
- u.- Elaboración do C.V.



## Facultade de Economía e Empresa. UDC. Plano de Acción Titorial. Curso 2011-2012.

v.- A entrevista de traballo. Aspectos teóricos e prácticos.

x.- Técnicas de busca de emprego e plataformas laborais.

z.- O emprego por conta propia: O autónomo e a creación de empresas.

*Nota: A idea será incorporar na nosa oferta os cursos para o alumnado do CUFIE e da AFI (aínda que estes últimos son de pago).*

### Polo de agora a proposta de datas e cursos sería a seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
<b>OUTUBRO</b>					
	3	4	5	6	7
	10	11	12	13	14
	26, 28 oct, 3 nov- EXCEL (Esther Barros e Benito Pérez)	18	19	20	21
	24	25	26	27	28
	31				
<b>NOVEMBRO</b>					
		1 2 - SVIZOS DA UDC e ALUMNADO (María D. Sánchez) 9 - A IMPORTANCIA DUNHA BOA XESTIÓN DO TEMPO (Eva María Lado)	3	4	
	7	8 16 - TRABALLOS DE AULA. ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN. (Fernando Bruna)	10	11	
	14	15 23 - A ELABORACIÓN DUN C.V. (Cristina Calvo)	17	18	
	21	22 30 - A ENTREVISTA DE TRABALLO. ASPECTOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS. (María José Rodríguez)	24	25	
	28	29			
<b>DECEMBRO</b>					
			1	2	
	5	6	7	8	9
	12	13 14 - CÓMO PREPARAR E PRESENTAR UN TRABALLO CIENTÍFICO E UN PLANO DE EMPRESA. (José Pablo Abeal)	15	16	
	19	20 21 - A UDC E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (María D. Sánchez)	22	23	
<b>FEBREIRO</b>					
			1	2	3
	6	7	8	9	10
	13	14 15 - O CONTEXTO SOCIOLABORAL DO UNIVERSITARIO EN GALIZA (María José Rodríguez)	16	17	
	20	21	22	23	24
	27	28 29 - DINÁMICAS DE GRUPO E HABILIDADES SOCIAIS. ESTEREOTIPOS E ROLES NO GRUPO E NO EQUIPO DE TRABALLO (Fernando Bruna)			
<b>MARZO</b>					
			1	2	
	5	6 7 - SAÍDAS PROFESIONAIS DOS TÍTULOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA (Jose Pablo Abeal)	8	9	
	12	13 14 - O EMPREGO POR CONTA PROPIA: O AUTÓNOMO E A CREACIÓN DE EMPRESAS (Eva María Lado)	15	16	
	19	20	21	22	23
<b>ABRIL</b>					
	2	3	4	5	6



9	10	11	12	13
16	17	18	19	20
23	24	25	26	27
30				

## VII.- ENTIDADES DA UDC QUE OFERTAN CURSOS

### i.- SOEP (Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica).

<http://www.udc.es/sape/soep/index.html>

O S.O.E.P é un servizo grautuíto e confidencial destinado ao alumnado da UDC. No SOEP traballa un equipo de profesionais que ten como finalidade prestar asesoramento e apoio psicolóxico e psicopedagóxico naquelas cuestións que poden influír negativamente no rendemento académico e no benestar persoal do alumnado ( normas para o uso dos servizos individuais de consulta ).

Ao longo do curso académico ofértanse obradoiros que perseguen a adquisición e mellora de habilidades e actitudes necesarias para afrontar o estudo e algunhas demandas académicas. A oferta de obradoiros desenvólvese en tres quendas: outubro-novembro; marzo; xuño/xullo.

#### **APOIO PSICOLÓXICO**

Habilidades para resolver: Ansiedade, Dificultades familiares, Soidade, Desmotivación, Estrés, Insomnio, Medos, Fobias, Obsesións, Problemas sexuais e de parella (situacións de violencia, rupturas, ...).

Prevención de:

Dependencias: alcol, pastillas, internet e outras

Problemas con alimentación: obesidade, anorexia, bulimia, ...

Promoción de hábitos de vida saudables:

Apoio para deixar de fumar

Técnicas para reducir a ansiedade

#### **APOIO PSICOPEDAGÓXICO**

Técnicas e recursos para mellorar a atención, a concentración, a memoria e a motivación

Técnicas e estratexias de aprendizaxe

Elaboración e presentación de traballos académicos escritos e orais

Asesoramento na toma de decisións académicas e profesionais

#### **NORMAS PARA O USO DOS SERVIZOS INDIVIDUAIS DE CONSULTA**

Asistencia previa cita.

Asistencia puntual e regular ás sesións que se pacten.

Ante a imposibilidade de asistir a unha cita é de obrigado cumprimento informar desta circunstancia canto antes.

No caso de deixar de participar nas sesións individuais, tamén e preciso comunicar esta decisión.

Aceptación de normas de trato cordial e respectuoso por ambas partes, mantendo en todo caso unha relación profesional axeitada.

Existe a posibilidade de concertar citas presenciais entre o alumno e o Servizo. Poden tratarse situacións de ansiedade, depresión...

#### **PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ás persoas usuarias do servizo que o SOEP garante a seguridade e confidencialidade dos datos facilitados e comprométese ao cumprimento da súa obriga de manter o carácter secreto dos datos persoais e do seu deber de gardalos e adoptar todas as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou uso non autorizado.

As persoas usuarias do servizo poderán acceder, rectificar e cancelar os seus datos persoais e exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición.



## Facultade de Economía e Empresa. UDC. Plano de Acción Titorial. Curso 2011-2012.

### *Oferta de obradoiros:*

- Técnicas escritas
- Técnicas orais
- Técnicas de estudo
- Manexo da ansiedade e o estrés ante os exames
- Habilidades comunicativas.
- Resolución de conflitos.

### *Información de contacto*

Juan José Redondo  
Psicólogo

Casa do Francés  
Campus da Zapateira  
981 167 000, ext. 2908

[soep.psicologa@udc.es](mailto:soep.psicologa@udc.es)

Rosa María Candeira Mosquera  
Psicopedagoga

Casa do Francés  
Campus da Zapateira  
981 167 000, ext. 2907

[soep.psicopedagoga@udc.es](mailto:soep.psicopedagoga@udc.es)

Cristina Iglesias Seoane  
Psicóloga

Edificio Administrativo SAPE-LERD  
Campus de Esteiro  
981 337 400, ext. 3621

[psicologa.sape@udc.es](mailto:psicologa.sape@udc.es)

## **ii.- AULA DE FORMACIÓN INFORMÁTICA. (<http://www.udc.es/afi/index.html>)**

O custo dos cursos o curso pasado foi de 60€.

Ofertaron os seguintes cursos:

1. Xestor de bases de datos SQL Server 2008 (20 horas)
2. Introducción á Xestión de Proxectos con Microsot Project (20 horas)
3. Introducción á edición de texto con LATEX (20 horas)
4. Obradoiro de iniciación á fotografía dixital. O proceso da imaxe dixital (20 horas)
5. Administración de sistemas Windows 2008 (20 horas)
6. Bases de datos. Access XP (20 horas)
7. Sistema Operativo Linux: Administración e servizos (20 horas)
8. Deseño de páxinas web estándar (20 horas)
9. Procesador de textos. Contorno gráfico (20 horas)
10. Administración e xestión dunha wiki con Doku Wiki (20 horas)
11. Servizos e aplicacións da rede Internet (20 horas)
12. Introducción á plataforma .net 3.5 con C# (20 horas)
13. Fundamentos e programación en MS Visual Basic.net: Visual Studio (20 horas)



## Facultade de Economía e Empresa. UDC. Plano de Acción Titorial. Curso 2011-2012.

14. Ofimática libre co paquete OpenOffice.org 3 (20 horas)
15. Deseño de páxinas web II: Javascript + DOM (20 horas)
16. Introducción ao desenvolvemento de aplicacións móbiles con Android (20 horas)
17. Folla de cálculo. Contorno gráfico (20 horas)
18. Ensamblaxe e configuración de compatibles PC (10 horas)
19. Ensamblaxe e configuración de compatibles PC (10 horas)
20. Maquetación, autoedición e creación avanzada de PDF con Scribus (20 horas)
21. Introducción aos Sistemas de Información Xeográfica (20 horas)
22. Obradoiro avanzado de fotografía dixital (20 horas)
23. Tratamento de imaxes e deseño gráfico con ferramentas libres (20 horas)
24. Deseño web avanzado: XHTML, CSS e Adobe Photoshop (20 horas)
25. Desenvolvemento de aplicacións web asp.net 3.5 con C# e Visual Studio .net

### **iii.- SAPE. Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante.** (<http://www.udc.es/sape/>)

A Universidade da Coruña dispón nos Campus da Coruña e Ferrol dun Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante. O antedito servizo comprende as seguintes áreas:

- \* Área de asesoramento académico.
- \* Área de Información Xuvenil.
- \* Área de Orientación Laboral.
- \* Área de Asesoramento ó Autoemprego.
- \* Gabinete de Orientación Psicopedagóxica.

Este servizo ten, cando menos, as funcións seguintes entre outras:

Informar sobre as características académicas dos estudos e sobre as súas saídas profesionais.

Informar sobre o réxime de acceso e permanencia de estudantes na Universidade da Coruña.

Informar sobre os dereitos dos estudantes e asesorar sobre o modo de exercelos e/ou reclamálos.

Informar, a nivel xeral e nos Centros, das bolsas e axudas convocadas.

Promover a creación de bolsas e axudas e propoñer á Xunta de Goberno as accións a levar a cabo en materia de bolsas, axudas e exencións.

Centro asociado ao Servizo Galego de Colocación

Asesorar na búsqueda de emprego.

Asesorara na creación de empresas novas.

Programas europeos.

Carné Xove

#### **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:**

Mañá: De 9:00 a 14:00 horas.

Tarde: De 16:00 a 20:00 horas.

### **iv.- SAEE - Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos Universitarios.** (<http://saee.udc.es/>).



## Facultade de Economía e Empresa. UDC. Plano de Acción Titorial. Curso 2011-2012.

Se és estudante, titulado/a universitario/a ou empresa poderás atopar neste portal, información e orientación relacionada con prácticas e emprego por conta propia e por conta allea.

As súas **funcións** son as seguintes:

### INFORMACIÓN

Axudas e subvencións ás que pode acollerse o proxecto de empresa

Fontes de financiamento con que poñer en marcha o negocio

Base de datos coas franquías máis interesantes

Técnicas de busca activa de emprego

Mediadores de emprego

Medidas para o fomento da empregabilidade

Elaboración de guías de emprego e a páxina web do SAAE

### FORMACIÓN

Seminarios de difusión para a creación de empresas

Obradoiros de xeración e maduración de ideas

Seminarios de planificación empresarial

Seminarios sobre técnicas de busca activa de emprego

Internet como ferramenta empresarial

### ASESORAMENTO

Cualificación de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT)

Axuda na elaboración do plano de empresa

Formas xurídicas e trámites de constitución de empresas

Orientación para a elaboración de itinerarios personalizados de inserción (os IPI) como centro colaborador do Servizo Público de Emprego

### PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES

Cursos e obradoiros específicos

Feiras e eventos relacionados co emprego

### XESTIÓN DE BOLSAS DA UDC

Xestión de ofertas de emprego

Xestión de convenios de prácticas para o estudantado da UDC

## V.- CUFIE. Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa.

(<http://www.udc.es/cufie/index1.htm>)

### Funcións do CUFIE

A formación do profesorado dos diversos niveis educativos no ámbito formal e non formal

O asesoramento e orientación educativa a profesores, centros, institucións e persoas

O apoio á innovación educativa nas súas diversas facetas e dende as distintas especialidades e disciplinas



## **Facultade de Economía e Empresa. UDC. Plano de Acción Titorial. Curso 2011-2012.**

A potenciación e difusión de experiencias, traballos e materiais de interese pedagóxico

A información e sensibilización de toda a comunidade universitaria acerca da situación e vivencias das persoas con discapacidade

A elaboración de proxectos de adaptación, orientación e inserción laboral para as persoas con discapacidade